



CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE O CONCELLO DE CERCEDA E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERÉS XERAL

En Cerceda, a 26 de novembro de 2021

REUNIDOS

Dunha una parte, o Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez García, en nome e representación do Excmo. Concello de Cerceda, actuando na súa calidade de Alcalde Presidente do mesmo, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.


E doutra parte, D. Javier Domínguez Lino, en nome e representación da Sociedade Galega do Medio Ambiente, actuando na súa calidade de Presidente da mesma, en virtude de acordo do Consello de Administración da Sociedade de data polo que se autoriza a sinatura deste Convenio.

Ambas partes, recoñecéndose capacidade e representación suficientes para a subscrición do presente Convenio



EXPOÑEN

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, veu subscribindo de forma habitual convenios de colaboración co Concello de Cerceda habida conta da radicación neste termo municipal das principais instalacións de xestión de Residuos Urbanos de Galicia, integradas polo Complexo Medioambiental de Cerceda e o vertedoiro de Areosa.



Que ambas entidades públicas manteñen dende fai anos diferentes convenios de colaboración que permitiron, por unha parte o completo desenvolvemento e funcionamento das instalacións que forman o núcleo principal do sistema institucional de xestión de Residuos Urbanos impulsado pola Xunta de Galicia para ofrecer unha solución integral ao resto de entidades locais da Comunidade e por outra parte



permitiron o desenvolvemento de múltiples actuacións e actividades que favoreceron e favorecen o desenvolvemento en diferentes ámbitos do Concello que acolleu estas instalacións, así como o dos seus veciños.

Así pois, a través dos convenios favoreceuse o desenvolvemento de instalacións e actividades que aportan dinamismo ao Concello como o xardín botánico, o parque acuático, o polígono industrial ou os centros e equipamentos deportivos, algo do que tamén se beneficia de forma indirecta SOGAMA, ao radicar cerca das súas instalacións empresas de Servizos que auxilian a súa actividade principal, reducindo desta maneira os custes, así como o desenvolvemento no Concello de proxectos relacionados directamente coa calidade ambiental e utilización de enerxías renovables, dando así cumprimento a unha das principais funcións que integran o obxecto social de SOGAMA.

Na actualidade, SOGAMA xa ten desenrolada a ampliación das instalacións do Complexo Medioambiental de Cerceda e a instalación de Compost derivado dos residuos en Areosa, acadando a dobre finalidade de conseguir a capacidade de tratamento necesaria que da mellor servizo a todos os concellos que apostaron polo sistema institucional da Xunta de Galicia e conseguir elevar as taxas de recuperación de materiais e de reciclaxe das súas instalacións co obxectivo de ir conseguindo a taxa de vertido cero, de tal forma que ao vertedoiro de Areosa so cheguen aqueles residuos que supoñan o rexeitamento das liñas de tratamento do resto de instalacións de xestión de residuos.

Pero todos estes obxectivos necesitan a continua colaboración que sempre mantiveron SOGAMA e o Concello de Cerceda, como Administración local onde radican as instalacións actuais e as futuras que vaian sendo necesarias. Deste xeito mantense o clima de harmonía necesario para que sigan convivindo de forma adecuada as instalacións industriais complexas que conforman a actividade de SOGAMA, nun municipio de carácter eminentemente rural, entendendo ambas partes que o desenvolvemento sostible, tanto económico, social e medioambiental do Concello deben ir parello, sendo este o obxectivo principal deste Convenio.



Para isto SOGAMA entende que debe seguir aportando recursos ao seu alcance como cooperación para a mellora da contorna natural e social do municipio, e seguir favorecendo o seu crecemento económico, a xeración de riqueza e emprego estable e, en definitiva, mellorar a calidade de vida de todos os seus habitantes. Deste xeito Cerceda, como concello que acolle as instalacións principais do sistema de Xestión Institucional de Residuos Urbanos promovido pola Xunta de Galicia, sigue sendo tamén referente autonómico e exemplo de desenvolvemento industrial sostible e de boas prácticas ambientais. Todo o anterior xustifica e fundamenta sobradamente o marcado interese público, social e económico que ten e persigue a formalización deste convenio.

Habida conta do anteriormente exposto, e co fundamento no principio de cooperación recollido no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, no artigo 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o contido no artigo 25 da Lei 49/2002 de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins de Lucro e dos incentivos ao Mecenado, as partes consideran necesario e moi positivo estreitar a súa relación mediante a fórmula dun novo convenio de colaboración que contribúa a manter unhas sólidas bases para a cooperación técnica, económica, social e medioambiental en beneficio do interese público y polo que as partes:

ACORDAN

PRIMEIRO.- Obxecto


O obxecto deste convenio a promoción da sostibilidade ambiental do concello de Cerceda, de conformidade coas orientacións ditadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, así como o desenvolvemento sostible, tanto a nivel económico como social. É tamén obxecto do convenio a compensación ao Concello de Cerceda polas posibles molestias que a actividade industrial poida orixinar, como é a permanencia do vertedoiro de Areosa, o incremento do tráfico pesado que conflúe no Concello de Cerceda, as gaivotas ou as derivadas de olores puntuais ou voaduras de plásticos ou papeis, sobre todo nos momentos nos que se producen condicións meteorolóxicas adversas por temporais de choiva e vento.




SEGUNDO.- Actuacións a realizar

- Continuar co apoio, intercambio de información e promoción iniciativas que contribúan á mellora da contorna natural do concello, optimizando os seus recursos e favorecendo a mellora da calidade de vida de todos os seus habitantes.

Para elo, mediante este convenio seguirase contribuíndo ao financiamento do mantemento e operación das instalacións de mercado carácter social, cultural e medioambiental, seguintes: xardín botánico, paseos fluviais, áreas recreativas (algunha das cales era un vertedoiro incontrolado), xardíns municipais, aula da natureza, rutas de senderismo, depuradoras de residuais, instalación de enerxías alternativas, ecomuseo, museo do moucho e museo da minería.



Potenciación da educación, concienciación e sensibilización da cidadanía na protección do medio ambiente e a adopción de boas prácticas ambientais e saudables, mediante a financiación actividades deportivas e culturais que se promovan polo Concello, o sistema de autocompostaxe ou compostaxe doméstica, co fin de que os habitantes poidan fabricar o seu propio compost a partir da fracción orgánica dos residuos e biomasa das súas explotacións agrícolas, podendo aproveitarse de novo en hortas, xardíns e labores do campo


- 
- Apoio ao desenvolvemento industrial, económico e Social do Concello mediante o financiamento do mantemento do viveiro de empresas, oficinas de emprego e desenvolvemento e posta en marcha de proxectos de innovación tecnolóxica ambiental.
 - Plan de inspeccións periódicas polos técnicos do Concello as instalacións do vertedoiro de Areosa, por ser o vertedoiro de Areosa o máis sensible dende o punto de vista ambiental. Para dito fin, o Concello terá acceso permanente a esta instalación a fin de realizar un control e inspeccións periódicas por técnicos do Concello, co previo aviso aos responsables da Sociedade Galega do Medio Ambiente cunha hora de antelación, ao obxecto de cumprir cos requisitos de seguridade para o persoal alleo ás instalacións.




TERCEIRO.- Obrigas do Concello.

O Concello de Cerceda obrígase a realizar as actuacións sinaladas na cláusula anterior, contratando os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento das actividades, de acordo coa lexislación que lle resulte de aplicación e en especial a Lexislación de Contratos do sector público e a Lei de Bases de Réxime Local.

Dar publicidade na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empreguen para anunciar actividades ou inversións financiadas en todo ou en parte con cargo a este convenio, mediante a inclusión dos logotipos oficiais de Sogama e a Xunta de Galicia a fin de anunciar a participación como colaborador en ditas actividades, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei Lei 49/2002 de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins de Lucro e dos incentivos ao Mecenado.



Xustificar os gastos realizados con cargo a este convenio de conformidade co procedemento de xustificación establecido, prestando a súa colaboración e facilitando canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden a Sogama, a Intervención Xeral Da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.



Consentir expresamente a inclusión de los datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CUARTO.- Financiamento.

Para financiar os gastos que se deriven da execución das accións contempladas na cláusula segunda, Sogama colaborará cunha achega económica máxima de 2.500.000 euros, con cargo aos seus orzamentos, e dividida nas seguintes anualidades e importes:




- Año 2021: 625.000
- Año 2022: 625.000
- Año 2023: 625.000
- Año 2024: 625.000

O aboamento das anteriores cantidades realizarase do seguinte xeito:


A anualidade correspondente a 2021 aboarase no mes de decembro de 2021.

As restantes anualidades aboaranse en dúas partes do 50%, a primeira ao rematar o primeiro trimestre de cada ano, e a segunda ao rematar o terceiro trimestre de cada ano, emitindo o Concello a certificación a que alude o artigo 24 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ao mecenazgo, unha vez sexa efectivo por SOGAMA o aboamento.

QUINTO.- Xustificación da achega



Sen prexuízo das certificacións contempladas no artigo 24 da mencionada Lei 49/2002, no mes de decembro de cada ano de duración do convenio, o Concello remitirá a Sogama unha xustificación do investimento das achegas aportadas ao desenrolo das actuacións do convenio mediante a entrega da seguinte documentación:



Memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio, que abranguerá o período correspondente ao ano que remata.

Certificación emitida por persoa apoderada do Concello ou polo titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da totalidade da achega anual na realización ditas accións e o pagamento efectivo das mesmas.

En relación a anualidade correspondente a 2021, e dado que a sinatura do convenio se realiza no mes de novembro, o Concello deberá remitir dentro do mes de decembro



de 2021, os mesmos documentos acreditativos que figuran nos párrafos anteriores onde se xustificarán aquelas actividades realizadas o longo do ano 2021 correspondentes coas actuacións contempladas na cláusula segunda.

A non xustificación do gasto das achegas, ou a non utilización das mesmas aos obxectivos deste convenio, poderán dar lugar a revogación das doazóns feitas de conformidade co establecido no artigo 647 do Código Civil.

SEXTO.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por un representante de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte do Concello de Cerceda o seu Alcalde, ou persoas en quen delegue; e por parte de SOGAMA o seu Presidente ou persoa en quen delegue.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A Comisión reunirse como mínimo unha vez ao ano, no último trimestre de cada ano, ao fin de analizar as actuacións realizadas e fixar e determinar, de selo caso, obxectivos concretos e actividades a realizar na seguinte anualidade.



SÉTIMO.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e SOGAMA.

OITAVO.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta do Concello e de SOGAMA.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.

NOVENO.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

DÉCIMO.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

O réxime Xurídico se configura como un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de mecenado, regulado polo artigo 25 da Lei 49/2002 de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins de Lucro e dos incentivos ao Mecenado, aplicándose de xeito supletorio a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e concretamente os artigos 5.2, e 16 e a disposición adicional cuarta.

Este convenio ten natureza privada, rexéndose polas normas de dereito privado e, no seu defecto polas normas de dereito administrativo.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional civil.

UNDÉCIMO.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto) así como o establecido no artigo 16 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, en relación co artigo 18 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que establece a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DUODÉCIMO.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o 31 de decembro do 2024, sen posibilidade de prórroga.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Cerceda

O alcalde

D. Juan Manuel Rodríguez García

Pola Sociedade Galega do
Medio Ambiente, S.A.,

O presidente

D. Javier Domínguez Lino

